



Xurados

Para a avaliación das probas realizadas polas persoas participantes constituirase un xurado, que poderá estar composto por representantes das empresas patrocinadoras da competición ou por representantes da industria do sector correspondente e polos/polas titores/as do alumnado participante na competición. O número e a composición de cada xurado determinaraos o/a experto/a de cada modalidade, que exercerá a presidencia, logo da conformidade do/da titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional.

Os xurados redactarán acta do resultado final da competición, incluíndo a puntuación e a posición de todas as persoas participantes. Igualmente, elaborarán un documento de avaliación e cualificación detallada por cada competidor/a. Estes documentos deberán asinalos o/a presidente/a e todos os membros dos xurados.

As decisións dos xurados serán inapelables.

Premios e recoñecementos

De acordo coa valoración dos xurados, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa adxudicará os premios aos/ás gañadores/as durante a cerimonia de clausura e entrega de medallas. Estes premios publicaranse na sección Galiciaskills do portal FP e no portal educativo.

Premios: haberá dous premios por competición.

A persoa que obteña a maior puntuación en cada skill recibirá a medalla de ouro e competirá representando a Galicia no Campionato Nacional de Formación Profesional, Spainskills 2021, que se celebrará en Madrid, sempre e cando se convoque esa modalidade de competición na fase nacional do campionato. Este alumnado, xunto cos xefes e as xefas de equipo, conformarán o equipo galego que representará a nosa comunidade autónoma en Spainskills 2021.

A persoa que obteña a seguinte mellor puntuación en cada skill recibirá a medalla de prata e quedará de suplente para competir no Campionato Nacional de Formación Profesional, Spainskills 2021, no caso de que o/a participante, receptor da medalla de ouro, non puidese participar.

Recoñecementos:

- Alumnado: todas as persoas participantes recibirán un diploma acreditativo de ter participado en Galiciaskills 2020.
- Profesorado: o profesorado que participe en Galiciaskills 2020 (profesorado experto e profesorado titor) recibirá a correspondente certificación de participación na actividade de innovación educativa Galiciaskills 2020, cunha equivalencia de 15 horas de formación permanente do profesorado.